

SOLICITUDE DUN LOCAL MUNICIPAL PARA CELEBRAR UNHA FESTA INFANTIL OU FAMILIAR

Nome e apelidos DNI.....

Enderezo..... Localidade.....

Enderezo electrónico..... Teléfonos.....

SOLICITA utilizar o seguinte local municipal para celebrar.....

o día de de, cun grupo depersoas:

Casa da Gardesa

Agramar

Casa do Pobo de Mera

Condições xerais:

1. Estar empadroad/a en Oleiros e ser maior de idade.
2. Consultar previamente a dispoñibilidade destes locais co Departamento de Cultura e presentar a solicitude no Rexistro Xeral de entrada sito no Centro Cultural A Fábrica, cunha antelación máxima de 2 meses e mínima de 7 días.
3. A persoa solicitante está obrigada a estar presente durante todo o transcurso da festa, e faise responsable do seu uso, atendendo á obrigatoriedade de coidar e respectar a instalación.
4. Non sobrepasar a capacidade máxima, que é de **25 persoas**, nin o horario máximo permitido, que serán as 22:00 h, e as 23:00 h de xuño a setembro.
5. Non facer ruído que moleste os veciños e veciñas da zona, nin utilizar os exteriores dos recintos cedidos na celebración de xeito que os poida perturbar.
6. Non consumir alcohol no recinto cedido aos menores de idade, nin consumir drogas en ningún caso.
7. Non introducir vehículos no interior dos recintos, non facer lumes nin colocar inchables nin similares.
8. Obriga de atender os requirimentos que poidan facer as autoridades públicas ou corpos de seguridade, de xeito que poidan suspender ou limitar as condicións de uso da casa por motivos xustificadas.
9. Non se permitirá ningunha actividade con ánimo de lucro, así como a venda de calquera tipo de produto e o cobro de entrada ás persoas asistentes.
10. A adxudicación das datas será por rigorosa orde de rexistro, pero terán preferencia os actos municipais ou de entidades e asociacións do Concello, polo que no caso de xurdir un acto destas características poderá anularse a reserva, e intentarase buscar un local alternativo de características similares.
11. O Concello de Oleiros non se responsabiliza das actividades que se realicen dentro dos locais cedidos cando os compromisos asumidos pola persoa solicitante sexan incumpridos, correspondendo exclusivamente a esta as consecuencias dos seus actos.
12. O Concello queda facultado para denegar a cesión no suposto de solicitantes que teñan antecedentes de incidentes no uso destes locais, sen prexuízo de reclamar o custo das reparacións que procedan.
13. O Concello queda facultado para anular unha reserva no caso de que a celebración da festa se poida ver afectada por algunha alerta metereolóxica, sanitaria ou calquera outra circunstancia xustificada.
14. No caso de anulación da reserva é obrigatorio avisar coa maior dilixencia posible.
15. A persoa solicitante, ou a persoa á que autorice, asinará un documento de compromiso de cumprimento destas normas e identificarase co DNI no momento de recollida das chaves ou permiso de utilización no centro cultural A Fábrica de 8.00 a 15.00 horas.

Fago constar que coñezo estas condicións, obrígame a cumprilas e comprométome a:

- Ser cívico, devolvendo o local recollido, limpo e no mesmo estado que se atopou antes da celebración, e responsabilizarme dos danos que pola actividade que se me autorice cause o meu grupo no inmovible, aboando ao Concello o importe polas reparacións que correspondan.
- No caso de atopar algún dano comunicalo á Policía Local ou ao Departamento de Cultura.

Oleiros,de.....de.....

Sinatura

COMPROMISO E OBRIGAS EN CANTO A SEGURIDADE E HIXIENE FRONTE AO COVID-19

Comprométome para cumprir coa normativa vixente fronte a pandemia Covid-19 co seguinte:

- Deixar o local, incluídos os baños, e o material proporcionado polo Concello, limpo e desinfectado. Tamén poderá levar o usuario o seu propio material de limpeza.
- As persoas participantes manterán a distancia de seguridade regulamentada pola normativa vixente, ou usarán máscara no caso de non poder garantir esta distancia.
- Non poderá facer uso do local calquera persoa que coñeza estar enferma de Covid-19 ou presente algún tipo de síntoma compatible coa enfermidade ou os presentara nos 14 días previos á utilización da casa.
- O solicitante informará ao departamento de Cultura si se dera o caso dalgún positivo durante os 14 días posteriores ao uso da instalación. E de ser o caso, avisará ás persoas que acudiron á festa.

En Oleiros a de de 2020

MODELO DE AUTORIZACIÓN PARA RECOLLER AS CHAVES E SINATURA DE COMPROMISO DE COIDADO E RESPONSABILIDADE

NON VÁLIDO PARA FINCA DE BASTIAGUEIRO NIN PARA VILLA ECHEVERRY

Nome e apelidos:
DNI:

Autorizo a
con DNI, a recoller as chaves do local municipal que teño
concedido polo Departamento de Cultura, así coma a asinar no meu nome o compromiso de
coidado e responsabilidade respecto a este.

Oleiros, de de

Sinatura da persoa solicitante

Sinatura da persoa autorizada

NOTA: Esta autorización terá que ir acompañada da fotocopia do DNI da persoa solicitante e o
orixinal da persoa autorizada.

*"De acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter
persoal, infórmase que os seus datos serán incorporados aos ficheiros e bases de datos do Concello de
Oleiros, co obxecto de exercer as competencias municipais en materia de xestión, recadación e inspección
de ingresos de dereito públicos, e só cederanse a terceiros nos casos e coas condicións previstas na lei.
Cando proceda, poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación e cancelación dos seus datos e
formular oposición ao tratamento destes comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no
Rexistro Xeral do Concello de Oleiros".*